

NON Á CONTAMINACIÓN DO CARBÓN NA CORUÑA

O mirador dos Castros da Coruña é escenario dende hai varias semanas dunha concentración das xentes do barrio que todos os xoves as 20'30 horas paran a circulación e chaman a atención cunha cacerolada e con cancións alusivas ao problema que sufren da contaminación producida polas emanacións de po procedentes das descargas do carbón do porto, feitas a ceo aberto, e que os ventos introducen na cidade. Entre estas descargas están as de coque, un derivado do petróleo de cor negrallenta que contén altas cantidades de xofre e de nitróxeno, así como de metais pesados como o vanadio e o níquel, que poden causar graves problemas de saúde e para o ambiente.

O certo é que fachadas e interiores das casas próximas ao porto, situado únicamente a 250 metros do núcleo poboacional, áchanse ennegrecidas, e os pulmóns sen dúbida afectados, sobre todo os das persoas más vulnerables como as asmáticas, os vellos e os nenos. Deste xeito, a vida para os veciños dos Castros faise case que imposible por non poderen abrir as ventás so pena de que un po-

pegañento invada a vivenda e todos os seus elementos, influíndo todo esto nunha mingua da saúde, perda da calidade de vida e reducción da economía dos seus habitantes, ao depreciarse o seu patrimonio inmobiliario e ter que aturar os custos do pintado e lavado duns edificios tisnados polo carbón. A indignación levou a que en moitas ventás dos edificios se colgasen panos brancos que co

**FACHADAS E INTERIORES DAS
CASAS PRÓXIMAS AO PORTO
ÁCHANSE ENNEGRECIDAS,
E OS PULMÓNS SEN DÚBIDA
AFECTADOS**

paso dos días íanse poñendo negros como protesta e demostración dos efectos do po do carbón na veciñanza.

A asociación de veciños de Oza, Gaieteira-Os Castros está organizando toda unha serie de accións que levaron á realización dunha cadea humana desde Os Castros até a Autoridade Portuaria e a depositar carbón diante das súas portas e das do concello da Coruña. Ademais de que calquera substancia lanzada á atmos-

fera que produza algún tipo de molestias sobre as persoas ou o medio pode ser cualificada como contaminante, estes productos ao entrar en contacto con outras emisións insalubres que se xeran na cidade, nas súas rúas, nas súas fábricas e industrias, producen unha reacción entre si que dá lugar a novos compostos más nocivos e cunha actividade exponencial.


Se ben, todas as manifestacións que ate agora levan feito os veciños non conseguiron que as descargas e almacenamento de carbón no porto sexan completamente herméticas, non obstante están a obrigar á Autoridade Portuaria a tomar certas medidas paliativas, ademais de lanzar unha campaña sobre o seu pretendido interese ecolóxico propagando a realización do proxecto Medusa de tapado do carbón que nunca chega. O que si chegou, pola contra, foi unha multa de 1200 euros á asociación de veciños por cortar o tráfico.

Así pois, se estás na Coruña, esperámoste todos os xoves as 20'30 no mirador dos Castros.

Ramón Muñiz

Polo que pasou, polo que pasa,

polo que poida pasar. O mellor, poñer



Agora, máis que nunca

"HOY POR HOY" Iñaki Gabilondo 6:00 a 12:30 h.

a Iñaki Gabilondo. A radio cambia.

Pero Hoy por hoy segue onde sempre.

Agora máis que nunca. Cadea SER.

A boa radio.

CADENA
SER
A CREDIBILIDADE do Nº1